



## **Pilar Rojo apela ao “exemplo do consenso da transición” e reivindica a estabilidade institucional forxada pola Constitución**

- **A presidenta do Parlamento de Galicia clausurou a exposición “A Coruña-Cádiz. La Constitución Hermana 1812-2012”**

**Santiago, 26 de xaneiro de 2013.-** “O exemplo de consenso que alumeou a transición continúa tan vixente agora como daquela, do mesmo xeito que non me cansarei de reivindicar a plena actualidade do marco de convivencia articulado na nosa Constitución, na que hai sitio para todos”.

É unha reflexión da presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, no transcurso do acto de clausura da exposición “A Coruña-Cádiz. La Constitución Hermana 1812-2012”, celebrado este mediodía na cidade herculina coa asistencia do alcalde da cidade, Carlos Negreira, entre outras autoridades.

### **Poñer en valor o texto constitucional**

Rojo Nogueira reivindicou a plena vixencia da letra e do espírito da vixente constitución española botando man da historia. “Nun tempo no que, ás veces, se cuestionan principios fundamentais recollidos na Constitución, e no que mesmo nos esquecemos de que o gran consenso de 1978 nos permite disfrutar de case 35 anos ininterrompidos de estabilidade institucional, non estaría de máis tomar exemplo dos que dous séculos atrás, en vilas e cidades, se esforzaron en poñer en valor a Carta Magna gaditana”.

Sobre a Constitución de Cádiz, Pilar Rojo sinalou que pese a non ser unha norma lonxeva, si foi “pioneira” no máis amplo sentido. “Foi a primeira constitución da historia de España, introduciu os valores do constitucionalismo moderno (soberanía nacional, división de poderes, igualdade, representación,



liberdade, ...) e ´funda a nación española no sentido moderno do termo nación´, como explicou recentemente o profesor Blanco Valdés”, agregou a presidenta do Parlamento de Galicia.

### **Estabilidade institucional**

Recordou tamén a oradora que pese ás dificultades do momento, “España atravesamos a etapa de maior estabilidade democrática da súa historia” gracias aos valores consagrados na Constitución de 1978, “que desenvolve e consolida algúns dos principios plasmados xa na de 1812”.

“Unha e outra (as constitucións de 1812 e a de 1978) buscaban unha modernización integral de España, se ben só a segunda foi capaz de conseguilo”, apuntou Rojo Noguera.

A presidenta do Parlamento de Galicia felicitou tamén á Asociación da Prensa da Coruña, organizadora da mostra hoxe clausurada, por unha exposición “tan oportuna como coidada”; e ao Concello da Coruña “polo acerto de promover a iniciativa”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia